

Ruta da Costa Atlántica



Ficha Técnica	
Puntos GPS	
Baltar	Latitude: 43° 34' 9.6918" Lonxitude: -8° 12' 44.0784"
Praia Lopesa	Latitude: 43° 34' 26.2554" Lonxitude: -8° 13' 54.552"
Praia Casal	Latitude: 43° 33' 39.8154" Lonxitude: -8° 15' 16.704"
Praia Hortiña	Latitude: 43° 34' 4.116" Lonxitude: -8° 14' 29.1474"
Características	
Saída	Convento de Baltar
Chegada	Monte de Vilarquinte
Lonxitude	12 Km.
Duración	4 horas
Interese	Paisaxístico-Etnográfico
Dificultade	Media
Puntos de Interese	
Convento de Baltar	
Pena Molexa	
Praias Lopesa, Casal e Hortiña	
Mirador de Vilarquinte	

Esta ruta combina as paisaxes da natureza máis escarpada nos seus pronunciados acantilados e a tranquilidade do *Val de Trasanco* cara o interior, ideal para os amantes da fotografía.

O punto de partida situarémolo no *Convento de Baltar*, na parroquia de O Val. Dende onde nos direxiremos á *Pena Molexa*, singular penedo colocado enriba de enormes pedras a cerca do cal conta unha



lenda, trátase dunha fermosa fada convertida en pena consecuencia dun poderoso feitizo. Durante a noite de solsticio de verán o encantamento

desfaise e a pena torna ser fada, para liberarse do seu mal, quen a contemple terá que escoller entre ela ou os fabulosos tesouros que ela ofrece, pero a avaricia

das xentes impide que o encantamento se desfaga e a pena atrapa de novo a fermosa fada.

Subiremos a *Vilasuso*, antigo castro que conserva o foso e os muros defensivos típicos das aldeas castrexas. Decontado encontramos *Pena Lopesa* onde observaremos o acantilado da *praia Lopesa*.

Continuaremos ata o *Campo de Avial* para iniciar o descenso ás praias de *Casal* e *Hortiña*, pequenas calas con moito encanto. Resulta complicado o seu acceso ata para os máis aventureiros, quedando éstas desafortunadamente cubertas pola preamar. Pero dende o alto do acantilado gozaremos dunha impresionante panorámica.



Baixamos, e a poucos metros, encontrámonos no *Monte de Vilarquinte*, de novo impresionante mirador para gozar das vistas, alí atopamos un punto xeodésico, ruínas de dependencias militares olvidadas e fisgoas dunha aldea abandonada.

